



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN NÓS MESMAS: POLA LOITA OS DEREITOS DAS MULLERES LESBIANAS, BISEXUAIS E PERSOAS TRANS E NON BINARIAS, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DIRIXIDAS AO COLECTIVO LGTBI (LESBIANAS, GAYS, TRANSEXUAIS, BISEXUAIS E INTERSEXUAIS)

MEMORIA DE TRANSPARENCIA

A directora xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade,
DECLARA

Que esta Dirección Xeral ten previsto formalizar coa asociación Nós Mesmas: pola loita os dereitos das mulleres lesbianas, bisexuais e persoas trans e non binarias o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que a finalidade deste convenio consiste na execución de actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI.

Que a asociación Nós Mesmas: pola loita os dereitos das mulleres lesbianas, bisexuais e persoas trans e non binarias comprométese a dar cumprimento ao obxecto e finalidade sinalados, entendendo como accións a desenvolver as seguintes:

- Campañas de información social que promovan comportamentos e actitudes de respecto e igualdade.
- Programas e medidas orientadas á normalización da sexualidade e a diversidade,



favorecendo a inclusión social das persoas pertencentes ao colectivo LGTBI.

- Actuacións que contribúan a remover os obstáculos que impiden ou dificultan que as persoas pertencentes ao colectivo LGTBI desenvolvan plenamente a súa personalidade e participen en igualdade de condicións en todos os ámbitos da vida política, económica, cultural e social.
- Actividades de investigación, estudos, conferencias, cursos, e demais actos de natureza análoga que fomenten o coñecemento da situación do colectivo LGTBI en todos os ámbitos.
- Acompañamento, atención, información e asesoramento sobre recursos sociais e sanitarios, cultura, saúde integral, VIH-SIDA e outras ITS, cuestións xurídicas, psicolóxicas, e outros temas ás persoas LGTBI e as súas familias.
- Actuacións para previr e intervir ante condutas de discriminación ou de posible acoso, violencia de xénero e/ou maltrato infantil, que puideran producirse por razón de orientación sexual ou identidade de xénero, especialmente dende o ámbito familiar e social.
- Actuacións que proporcionen información/formación específica ao persoal das distintas Administracións que, polo seu posto de traballo, lles corresponda promover, xestionar e mellorar a non discriminación por mor da orientación sexual das persoas ou da identidade de xénero.
- Elaboración de materiais didácticos nos que se contemple a realidade do colectivo LGTBI e das súas familias, o dereito á diferenza, a diversidade, a igualdade de oportunidades e contra a LGTBIfobia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se vai asinar fundaméntase no seguinte:

Que a asociación Nós Mesmas: pola loita os dereitos das mulleres lesbianas, bisexuais e



persoas trans e non binarias é unha entidade sen ánimo de lucro, legalmente constituída, inscrita no RUEPSS, que forma parte do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero (Observatorio LGBTIQ+). O principal obxectivo desta entidade segundo o artigo 6 dos seus estatutos é a defensa dos dereitos das persoas LGTBI.

Que logo de ter desenvolvidas de forma proveitosa dende o 2016 diferentes actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade, sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI, considérase oportuno dar continuidade a estas no ano 2025 coa sinatura do presente convenio.

Que de conformidade co Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 14 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, correspóndelle a este órgano superior en materia de igualdade, impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de Autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

Ademais, incorporar o principio de igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de orientación sexual e identidade sexual, e para fomentar a participación e o asociacionismo LGTBI, dando visibilidade aos programas e campañas que se desenvolvan co fin de favorecer a participación, a concienciación e a sensibilización de toda a sociedade en conceptos como igualdade, dignidade e respecto do colectivo LGTBI.



Que a concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4 c) e 26 da Lei 9/20047, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva con base no carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario. Por todo isto, xustifícase que se estime conveniente proceder á sinatura dun convenio de colaboración con aquelas entidades que manifestaron o seu interese na colaboración que se propuxo entre aquelas en activo na Comunidade Autónoma de Galicia, legalmente constituídas e con experiencia acreditada.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se asinou, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A directora xeral de Promoción da Igualdade
María Quintiana Pérez

